



CONCURSO DE FOTOGRAFÍA:

CITEEConto... o que vexo!

BASES:

1. OBXECTIVOS

Este concurso de fotografía é unha das actividades organizadas con motivo da celebración do vixésimoquinto aniversario da inauguración do **Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil** (en diante **CITEEC**). O seu obxectivo é recoñecer a transcendencia da Enxeñaría Civil e a Edificación no noso mundo.

2. TEMÁTICA

O tema principal do concurso será a Edificación e a Enxeñaría Civil en calquera dos seus ámbitos, e a fotografía das mesmas en todas a súas variantes estéticas e conceptuais.

3. PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 18 anos e residente en España, agás os membros do xurado.

4. INSCRICIÓN

A inscrición no concurso é de balde. As fotografías deberán ser inéditas, non foran publicadas nin presentadas noutro concurso anteriormente. Non poderá ser presentada ningunha fotografía cuxos dereitos da propiedade intelectual non pertencen integramente e sen excepción ao propio participante do concurso. Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso. Non se aceptarán imaxes que no reúnan un mínimo de calidade ou con contidos contrarios á legalidade vixente. Non se admitirán marcas de auga ni ningún outro tipo de sinatura.

5. REQUISITOS DAS OBRAS

Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras, podendo ser premiadas solo unha por persoa. Poderán ser en color ou en branco e negro, e presentaranse en formato dixital JPG cun tamaño non inferior a DOCE MEGAPÍXELES (12 Mpx). Non se admitirán as fotografías que non cumpran estes requisitos.



As fotografías non poderán ser alteradas electronicamente, xa sexa por programas de edición ou na mesma cámara, nin por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Unicamente se permitirán axustes mínimos de cor, luminosidade, recorte e enderezado. En caso de dúbidas, o xurado podería solicitar ao autor o arquivo orixinal RAW para a súa comprobación.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN E ENVÍO

O prazo para presentar as obras estará aberto ata o venres 12 de setembro do 2025. Non se admitirán obras presentadas con posterioridade a esta data.

As obras remitiranse por correo electrónico a comunicacion.citeec@udc.gal, como arquivo adxunto ou xunto cunha ligazón de descarga con data de caducidade mínima de 7 días.

Cada fotografía debe de estar acompañada no texto do correo da seguinte información:

- Título.
- Pequena descrición que non supere as 100 palabras na que se exprese o obxectivo da imaxe e a súa relación co tema do concurso, así como a localización onde se tomou a fotografía.
- Nome completo do autor/a.
- Número de teléfono e dirección de correo electrónico de contacto.

A organización garantirá en todo momento o anonimato das obras de cara ao xurado.

7. PREMIOS

O xurado outorgará os seguintes premios:

- Primeiro Premio: 600 euros + figura conmemorativa e diploma
- Segundo Premio: 300 euros + figura conmemorativa e diploma
- Terceiro Premio: 150 euros + figura conmemorativa e diploma

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. Os premios estarán suxeitos á normativa vixente en materia do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

8. FALLO

O fallo do xurado farase público a partires do día 1 de outubro do 2025 e será comunicado expresamente pola organización aos premiados. Do mesmo modo, o **CITEEC** difundirá esta información aos medios de comunicación, na súa páxina web e a través das canles que crea oportunas.

9. XURADO

Os criterios do Xurado para a elección das fotografías gañadoras do concurso serán a calidade, a orixinalidade, a creatividade e a relación co tema proposto. O xurado estará integrado por catro persoas, unha delas en calidade de secretario/a con voz, pero sen voto. A composición do mesmo farase pública xunto co fallo.

10. DEREITOS DE AUTOR

O **CITEEC** resérvase o dereito para utilizar todas as fotografías enviadas ao concurso, tanto as premiadas como as restantes, nas actividades relacionadas co propio concurso e os actos do XXV aniversario do centro, así como noutras actividades de divulgación. A tales efectos consideraranse cedidos ao seu favor os dereitos de reprodución das mesmas, citando en tales casos, o nome do autor e aténdose en todo caso ao disposto na Lei de Propiedade Intelectual. En ningún caso poderá facer uso comercial ou lucrativo das mesmas.

Os autores conservarán os dereitos de propiedade intelectual das obras a calquera outro efecto non apuntado no parágrafo anterior.

11. ACEPTACION DAS BASES

O xurado é soberano e decidirá libremente da cordo con estas bases, podendo resolver calquera outra cuestión non engadida explicitamente nas mesmas. A mera participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado.

Fernando Martínez Abella

Director Científico do CITEEC

Juan Ramón Rabuñal Dopico

Director Técnico do CITEEC